



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TORDOIA

Anuncio de exposición do padrón provisional da recollida do lixo 2021

ANUNCIO DO PADRÓN PROVISIONAL DA RECOLLIDA DE LIXO EXERCICIO 2021

Aprobado pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 15 de abril de 2021 o padrón fiscal da taxa polo servizo de recollida de lixo para o exercicio 2021, sométese a información pública para a súa notificación colectiva de acordo co disposto no artigo 102.3 da lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de 30 días, que contarán dende o día seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P e nos taboleiros de edictos (físico e electrónico) do Concello.

Durante este prazo, o devandito padrón estará a disposición dos interesados no Concello. Contra o acto de aprobación dos padróns e das liquidacións incorporadas a estes, os contribuíntes e, en xeral, os interesados, poderán interpoñer os seguintes recursos:

- 1.º.-Reposición, perante este Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ao transcorrer un mes dende a súa presentación, non se resolve da maneira expresa.
- 2.º.-Contencioso-Administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, ou no prazo de seis meses dende a súa interposición, se non o fose.
- 3.º.-Poderá interpoñerse calquera outro recurso que aos interesados lles conveña.

Tordoia, 19 de abril de 2021.

O alcalde

Eduardo Antonio Pereiro Liñares